# MESA SECTORIAL DE FUNC.PÚBLICOS ORDINARIA
# MESA XERAL EEPP EXTRAORDINARIA

*Santiago de Compostela 26/07/2022*

Na Mesa Xeral de EEPP, no apartado de **rogos e preguntas**, o Director Xeral da Función Pública indicou o seguinte:

- **Baremos dos procesos selectivos pendentes de resolución**. Traballouse con carácter prioritario nos que afectaban ao maior número de prazas (preto de 500) e persoas afectadas (preto de 2000): **Subalternos e Auxiliares de Enfermería**. No que queda do mes de xullo e ao longo do mes de setembro sairán todos os baremos pendentes (31), para rematar estes procesos e continuar coa tramitación ordinaria (presentación de alegacións, resolución das mesmas, presentación de documentación…).
- **Anteproxecto de Decreto sobre Flexibilidade Horaria por conciliación.** Está na Asesoría Xurídica para solventar algunha dificultade procedimental, para despois poder trasladar o documento ás OOSS, na maior brevidade posible. A demora está supondo diferentes situacións entre iguais, ante a concesión ou non da flexibilidade horaria por menores de 18 anos.
- **Trienios para funcionarizar**. Elaboráronse unhas instrucións internas entre as Direccións Xerais competentes para o tema de trienios, e estase traballando co CIXTEC, coa Intervención, con Presupostos e coa propia DXFP para axustar os trienios ao que di o acordo. Para acadar que a aplicación sexa uniforme, como non pode ser doutra maneira. É un tema obxectivo, polo que agardan que entre o mes de agosto e setembro acaben de reaxustarse os problemas que podan existir.
- **Carreira Administrativa**. Espera ter algunha reunión antes das vacacións de agosto, e a ver se é posible pechar o acordo correspondente. Non obstante, dende UGT reiteramos que a carreira anulada en senteza do TSXG foi un erro sindical que obriga a restituír o dereito. Esta decisión e as súas consecuencias son as que nos conducen ao actual situación de bloqueo e de necesidade de negociación dun novo acordo que trate de paliar os seus demoledores efectos.
- **Funcionarización**. UGT solicita información sobre a previsión temporal de finalización dos procesos en marcha e sobre a situación das RPTs de funcionarización, necesarias para a finalización dos mesmos. Nestes momentos teñen rematado os procesos que fan que preto de 2000 persoas sexan susceptibles de poderse funcionarizar. Están traballando nas RPTs correspondentes, e a idea é que despois do pequeno intervalo que teñen para o tema dos Orzamentos, a partir do mes de outubro continuar con todas as RPTs e intentar finalizar o proceso a finais deste ano 2022 ou ao comezos de 2013, se quedase algunha pendente. A RPT do persoal de limpeza (grupo V) e dos Bombeiros Forestais xa están case rematadas, aínda que pode haber algunhas persoas dalgunha categoría concreta que presentan algunha dificultade.
- **Finalización da actividade de negociación sindical coa DXFP,** previsiblemente o 5 de agosto de 2022.

*Secretaría de Autonómica UGT Servizos Públicos Galicia*
*Correo electrónico: sindicato-uxt@xunta.gal*
www.fespugt.es www.facebook.com/FESP-UGT-Galicia-Autonómica

O Público o noso compromiso